


Beatriz Dacosta e a sociedade actual

Francka Editora, a casa creada por Frank Meyer tras abandonar Galaxia, aposta para o outono pola que é, probablemente, a súa autora emblemática: Beatriz Dacosta e a súa segunda entrega, *Contrato temporal*, pola que recibiu o Premio Terras de Melide. Dacosta, tras a polémica historia lésbica *Precipicios*, adéntrase noutra proposta ousada, un libro “arrisca-



do”, en palabras do xurado que lle deu o galardón, onde se tratan algunhas das pantasma da sociedade actual: o mundo laboral, a precariedade, a globalización ou a deslocalización empresarial. Estructura modular e diálogos son algunhas das bazas da novela.